



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1981 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 14 de novembro de 2025.

CONTRATACIÓN

- 2.- Adxudicación da contratación do subministro de material e alugueiro de maquinaria para as obras a realizar nos anos 2025 e 2026, nos colexios de educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa municipal de inserción laboral “Vigo Emprega”. Expte. 99026/332.
- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns. Expte. 98836/332.

EDUCACIÓN

- 4.- Proxecto de convenio de colaboración coa Fundación Igual Arte para o desenvolvemento do proxecto de “asistencia de alumnado da Fundación Igual Arte a actividades educativas das escolas municipais de música e artes do Concello de Vigo”. Expte. 99387/332.

EMPREGO

- 5.- Declaración de deserto da convocatoria de “Axudas - Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita X”. Expte. 21683/77.

URBANISMO

- 6.- Aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, zona 2 Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España entre a avenida Gran Vía, a rúa Pizarro e a rúa Honduras. Expte. 5361/401.



- 7.- Aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, zona 4 Praza de España, sobre as parcelas sitas na Praza de España entre a rúa Porto Rico (norte) e a Avenida de Madrid (sur e oeste). Expte. 5354/401.
- 8.- Aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, zona 3 Praza de España, sobre as parcelas situadas na Praza de España entre a rúa Pizarro (norte), rúa Puerto Rico (sur) e a rúa Honduras (este). Expte. 5353/401.
- 9.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **21 de novembro de 2025, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/11/2025 14:43	Páxina 2 de 2
1981-1102	CSV: AAAHD2-5DB127-D9523D-AKNFE7-QTCWBB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		